



EXPEDIENTE Nº: 4092/2024

BASES DE FUNCIONAMENTO DOS POSTOS DE VENDA OU CASETAS POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANPAS E ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS

A Concellería de Festexos do Concello do Porriño convoca as festas de PORRIGALIA 2024 para os días 12, 13 e 14 de xullo. A finalidade destas bases é establecer os requisitos, pautas e condicionantes que se deberán cumprir para poder participar durante a celebración deste festexo.

1.- PARTICIPANTES

Poderán optar aos postos de venda ou casetas:

1. ANPAS dos centros educacionais do Porriño.
2. Asociacións veciñais e culturais do Porriño.
3. Asociacións de protectoras de animais.
4. Asociacións deportivas do Porriño.

2.- POSTOS DE VENDA

Establécense dous tipos de postos:

1. Postos de venda de produtos varios.
2. Postos de degustación e venda de comidas. Neste caso son aqueles postos de venda de comidas e bebidas.

En ambos os casos se deberá indicar o tipo de produtos que se van vender ou ofrecer para poder sinalar o lugar máis axeitado dentro das localizacións asignadas polo Concello.

Os postos de comida que estean equipados con cociñas, bombonas, asadores, grellas, brasas ou substancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Será obrigatorio que eses postos dispoñan dun extintor homologado e en bo funcionamento de po seco de 6 K. Deberá contar cun xerador de enerxía propio co fin de poder desenvolver a súa actividade. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.

Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.

Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador ou manipuladora de alimentos.

3.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

A solicitude de inscrición (**Anexo I**) poderá descargarse na páxina web do concello ou no departamento de Rexistro do Concello do Porriño desde a publicación destas bases ata o 8 de xullo de 2024.





A documentación que se deberá achegar xunto coa solicitude é a seguinte:

1. Copia do DNI/NIE do interesado. No caso de actuar en calidade de representante deberá presentar o documento que acredite a representación que ostenta.
2. Copia do carné de manipulador/a de alimentos (se fose o caso).

Toda a documentación requirida será entregada no Rexistro xeral do Concello do Porriño a través da sede electrónica deste Concello desde a publicación destas bases e ata o 8 de xullo de 2024. As solicitudes realizadas a partir desta data non serán autorizadas.

O Concello do Porriño poñerá á disposición das asociacións participantes 20 carpas para empregar na xornada de venda. Por iso, unha vez cuberta a solicitude facilitada e presentada a documentación requirida, procederase á asignación da localización do posto e poñerase á súa disposición unha carpa. A responsabilidade desta quedará a cargo do Concello do Porriño.

Asignarase unha carpa por cada solicitude e por orde de entrada no Rexistro, ata acadar as 20 carpas que se poñen a disposición das asociacións participantes.

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiras persoas dos postos/espazos asignados.

4.- MONTAXE DE VENDA

O horario de montaxe será entre as 8:00 e as 10:00 horas.

Todos os postos deberán estar localizados e preparados á hora de comezo das actividades das festas. Non se poderán ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, todos etc. Salvo que sexan autorizados polo Concello.

Durante o desenvolvemento da festa quedará prohibida a entrada e saída de vehículos non autorizados, así como a colocación de obstáculos dentro da zona de celebración dos ditos eventos.

A autorización debe estar exposta nun lugar visible durante todo o tempo de ocupación.

Os servizos técnicos do Concello poderán comprobar que as ocupacións efectivamente realizadas polas persoas concesionarias das autorizacións, de ningún xeito excedan os límites destas, tanto no que se refire á superficie como ao tempo de ocupación.

Os aparellos de feira poderán ser obxecto de inspección polo persoal que designe o Concello, en calquera momento e durante toda a vixencia da autorización para postos.

5.- MERCADORÍAS E OFICIOS





Respecto ás mercadorías, queda totalmente prohibido:

- A exposición e presenza de animais vivos.
- As vendas de produtos fóra da época. Admitiranse produtos como mel, noces, rosquillas, carne cocida ou frita, patacas, pan, filloas etc., sempre que estean contextualizados. Polo que se prohiben máquinas expendedoras de flocos de millo ou churros.
- A utilización de utensilios de cristal.

En canto aos oficios, soamente se admitirán produtos da época, feitos a man (barro, aneis, pulseiras, colares, teas cosidas ou bordadas, cerámica, tellas, vimbios, xabóns, colonias, sementes, licores etc.).

Será obrigatorio que todos/as os/as vendedores/as vaian caracterizados/as con traxe da época romana, exipcia, grega, castrexa ou gala, atendendo á aldea que lle sexa asignada por parte do Concello. O feito de non cumprir este requisito será motivo para a retirada do posto.

6.- DESMONTAXE

Unha vez rematadas as festas, na noite do 14 ao 15 de xullo todos os postos de venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

A organización, así como a Policía local e Protección Civil do Porriño, velará polo estrito e rigoroso cumprimento das presentes bases.

7.- PUBLICIDADE

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios municipal e na web porrigalia.org.

Documento asinado dixitalmente na data que se indica á marxe.





**POSTOS DE VENDA OU CASETAS POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E
VECIAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANPAS E ASOCIACIÓNS
PROTECTORAS DE ANIMAIS EN PORRIGALIA 2024**

ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

(Encher en letra MAIÚSCULA)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

NOME OU DENOMINACIÓN

SOCIAL: _____

NIF/CIF/NIE: _____

ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN: _____

TELÉFONO MÓBIL: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:

NOME: _____

NIF/CIF/NIE E TÍTULO DE REPRESENTACIÓN: _____

SOLICITO O INICIO DO EXPEDIENTE PARA A AUTORIZACIÓN DA OCUPACIÓN NA VÍA PÚBLICA DURANTE A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE PORRIGALIA QUE SE LEVARÁN A CABO OS DÍAS 12, 13, E 14 DE XULLO DE 2024.

DATOS DO POSTO:

TIPO DE POSTO: _____

M² DE SUPERFICIE PARA OCUPAR: _____

TIPO DE MERCADORÍAS PARA VENDER: _____

O Porriño, ____ de _____ do 2024

Sinatura da persoa solicitante:





PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Responsable dos datos contidos no documento é o Concello do Porriño, a finalidade do tratamento é a de atender e xestionar a súa solicitude en relación coas bases de funcionamento dos postos de venda polas asociacións en Porrigalia; así como proceder coa liquidación da taxa pública no seu caso A base do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos atribuídos ao responsable do tratamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Os datos conservaranse mentres se manteña a finalidade, sen prexuízo dos prazos de prescrición legal Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo as que correspondan legalmente. Non haberá transferencia internacional de datos nin se elaborarán perfís. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, se corresponde, en dpd@oporrino.org. Pode consultar co noso Delegado de Protección de datos e/o solicitar máis información na mesma dirección. Pode acudir ante a autoridade de control www.aepd.es.

